



Imaxe:
Pablo Ayude Santas,
12 anos (1º ESO)
Gañador do Concurso
de Tarxetas de
Nadal 2024

Dende Vedra e para Vedra...
...un Nadal cheo de felicidade!
...e por un magnífico 2025!

A Corporación Municipal de Vedra



XANEIRO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

RECIBE TODA A INFORMACIÓN MUNICIPAL DE INTERESE CO SERVIZO POR WHATSSAP

■ Envía unha mensaxe coa palabra "ALTA" ao número 663 893 398. Así terás sempre de forma áxil e cómoda todas as novidades de interese.

SÚMATE a este servizo que se propón chegar ás 1.000 persoas usuarias!

SABÍAS QUE...

■ **SABÍAS QUE VEDRA XESTIONOU 1700 TONELADAS DE RESIDUOS NO 2023?**

O Punto Limpo de Vedra e os case 1000 colectores instalados nas 12 parroquias do termo municipal, recolleron esta cuantiosa cifra que animamos a analizar polo miúdo:

- 1321 Tn recollidas nos 575 colectores verdes.
- 100 Tn recollidas nos 240 colectores amarelos.
- 115 Tn recollidas nos 75 colectores azuis.
- 60 Tn recollidas nos iglús verdes de vidro.
- 140 Tn recollidas no Punto Limpo de Vedra.

SOGAMA tratou 1321 Tn de residuos procedentes dos 575 colectores verdes o que supuxo o custo de recollida, transporte e tratamento destas 1.321 tn de máis de 230.000 euros para as arcas municipais.


Asimismo, no Punto Limpo de Vedra recolléronse 140 Tn de residuos varios, madeira, cristais, plásticos, aceites, pilas, escombros, voluminosos, chatarra, etc. que foron tratadas coas distintas empresas xestoras de residuos.

A recollida de cartón chegou ás 115 Tn e o vidro ás 60 Tn.

A xestión do Punto Limpo, recollida

de cartón, contenedor amarelo, servizo de recollida de voluminosos "porta a porta" e lavado de colectores tivo un custo de máis de 85.000 euros.

A recollida e tratamento das máis de 1700 Tn de residuos xeradas no Concello de Vedra no ano 2023 supuxo un gasto de máis de 315.000 €, unha cifra que podemos reducir se conseguimos mellorar a nosa forma de reciclar!!





Actuación da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla, no Mercadiño de Nadal.



Vista xenérica do Mercadiño.



Obradoiro adornos de nadal con refugallo, no Mercadiño de Nadal.



Obradoiro Customización de Prendas con Ondas do Mar, no Mercadiño de Nadal.



Posto Solidario das Anpas do CEIP Ortigueira e do CPI de Vedra no Mercadiño Solidario.



Baile-Merenda de Nadal e Fin de Ano no Centro Socio Cultural.



Certame de Nadal de Corais no Centro Socio Cultural de Vedra.



Encontro dos grupos de laborterapia Nas Mans da Avoa e a Cruz Vermella Santiago.



Asamblea do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade en Vedra.



Visita de 3º de primaria do CPI de Vedra ás dependencias municipais.



Curso de Alfabetización Dixital na Aula Cemit de Vedra entre os meses de outubro a decembro de 2024.



Curso de Iniciación á Xestión Económica e Financeira de Asociacións.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Audicións en familia da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Festival de Nadal da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Xantar de confraternidade polo Nadal da Asociación da Terceira Idade O Burgo.



Escola Ambiental polo Nadal coa Asociación Amabul.



A Feira de Nadal en Ponte Ulla.



Concerto de Nadal da Coral Polifónica de Santa Cruz.



Trofeo de Judo de Nadal Kumi Kata.



Festa de Nadal da Anpa do CEIP Ortigueira.



II Stage de Referentes Femininas con Estrella López Sheriff.



Ciclocharla do Club Ribadoulla con Carlos Canal e Martín Rey.



Presentación de resultados do Proxecto "Efecto Bolboreta" da Anpa do CEIP Ortigueira.



Presentación do Concerto Conxunto da Escola de Musica de Santa Cruz de Ribadulla e a Requiñta da Laxeira.

WIFI GRATUÍTO EN VEDRA!!

■ LEMBRA...

Podes acceder a un servizo de WIFI gratuíto en varios edificios públicos do Concello de Vedra.



O único que tes que facer é achegarte a un deles e conectarte á rede "WiFi4EU".

Ao conectarte por primeira vez serás guiado a unha páxina de inicio de sesión segura, que podes completar rexistrándote previamente ou a través dun auto-rexistro por SMS. Non se che volverá e pedir inicio de sesión ata pasadas 12 h.


Os puntos WiFi4EU onde te podes conectar son:

- A Casa do Concello.
- O Centro Socio Cultural de Vedra.
- O Centro de Emprendemento "A Estación" en Santa Cruz de Ribadulla.
- A Reitoral de Ponte Ulla.

NO 2025 CONTINÚA A INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE MES!!

■ En xaneiro será o martes 21.

Obrigatorio asistir con reserva da cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h).



IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría ou mal funcionamento dos faros led que iluminan o noso municipio, chama ao teléfono 699 304 702.



RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e pide que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.



PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso Servizo de Punto Limpo situado no lugar de Fornelos, Vedra.



HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal





REMATAN AS XUNTANZAS CO ALCALDE POLAS 12 PARROQUIAS

Despois do parón de Nadal o alcalde continúa coas reunións coa veciñanza en cada unha das doce parroquias de Vedra, para tratar temas de in-

terese xeral e para dar respostas a todas as cuestións formuladas.

AXENDA DE XANEIRO E FEBREIRO:

DATA	LUGAR	HORARIO
Luns 13 de xaneiro	Local Social de Merín	Ás 20:30 horas
Xoves 16 de xaneiro	Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón	Ás 20:30 horas
Xoves 23 de xaneiro	Multiusos de San Mamede	Ás 20:30 horas
Xoves 30 de xaneiro	Local Social de Vilanova	Ás 20:30 horas
Xoves 6 de febreiro	Casa da Estación en Santa Cruz de Ribadulla	Ás 20:30 horas

Cultura



PRESENTACIÓNS EN VEDRA

Sábado 18 de xaneiro, de 18:00 a 20:00 h. no Centro Social de Vedra.

- Presentación do libro "El mensaje de un duende para la humanidad", da veciña de Trobe, Estrella Camino Bouzón.

- Exposición de bisutería artesanal (de resina e flores naturais), de Silvia Molinari.

- Exposición de fotografía de natureza "O segredo da fraga. Ollando as grandezas miudas que nos aporta adentrarnos na maxia da Terra Nai", de Fernando Pintos Recarey.

XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA 2025

1) RUTA BTT CICLOTURÍSTICA DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA. DOMINGO 2 DE FEBREIRO

O Concello de Vedra en colaboración con Ribadulla organiza a XIV Btt Cicloturista da camelia polo val do ulla o vindeiro 2 de febreiro.

Deportistas e afeccionados/as ao deporte de toda a comunidade terán a oportunidade de participar nesta ruta Btt que se celebra ao redor da programación da Camelia e percorrer as paraxes vedresas ao tempo que practican o seu deporte favorito

Contarase con tres percorridos, unha ruta longa de 64 Km e dúas curtas de 30 e 40 Km, partirá da pista de rodadura de Vedra ás 09.00 h da mañá e estará aberta a participación de persoas maiores de idade (16 e 17 anos con autorización).

Xa están abertas as inscricións na páxina: www.galitiming.com.



Continúa na páxina 7

2) IX CARREIRA POR MONTAÑA A CAMELIA. O DOMINGO 9 DE FEBREIRO CO CLUB VÉRTICE

■ Saída e meta en Santa Cruz de Ribadulla (Vedra).

Máis información: <https://clubvertice.es/a-camelia/>

Inscripcións: <https://inscripciones.empa-t.com/inscripcion/ix-carreira-por-montana-a-camelia/>

O Club de Montaña Vértice presenta a novena edición da Carreira por Montaña A Camelia. Unha aventura por paraxes cheas de historia, lendas e patrimonio: o bosque de ribeira do Ulla, as fervezas do Pontillón, os riscos de cuarzo nas beiras do lendario desfileiro do Gundián, os misterios do Pico Sacro e a súas vistas espectaculares, os xardíns históricos do Pazo de Ortigueira...

A proba conta con percorridos para todos os niveis:

- **Trail do Pico:** 33 km / +1700.
- Con zonas moi



técnicas e a subida ao teito da proba, o icónico Pico Sacro.

- **Trail do Castro:** 22 km / +1050. Unha distancia esixente que concentra os puntos máis vertixinosos da Camelia.
- **Trail das Fervezas:** 14 km / +530. Unha proba rápida pero que ten sorpresas técnicas e unha paisaxe espectacular.
- **Trail da Cruz do Couto:** 9 km / +280. Unha distancia adecuada para iniciarse no trail.
- **Andaina:** 12 km. A oportunidade de gozar de paisaxes maravillosas na zona do Ulla: paseo das oliveiras, carballeiras, bosques de ribeira...
- **PequeTrail:** carreiras para peques, de 6 a 14 anos.

A inscrición xa está aberta!

3) CONCURSO DE DEBUXO DA CAMELIA 2025

■ Con motivo da Conmemoración das Xornadas Arredor da Camelia, unha edición máis o Concello de Vedra convoca o seu habitual concurso de debuxo no que esta flor que tanto representa o Val da Ulla se converte outra vez en referencia e protagonista. As bases do concurso están dispoñibles na web municipal.



SENDEIRISMO NO 2025 ESTREA NOVO ROTEIRO

■ A primeira cita será o 18 de xaneiro, onde comezarán a Ruta do Taberneiro, saíndo de Salvaterra de Miño.

Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 08:00 horas.
- Parada en Lestedo ás 08:10 horas
- Parada no Breixo ás 08:15 horas
- Parada no Hipercor ás 08:25 horas
- Última parada diante da oficina do BNG (antiga estación de autobuses) ás 08:30 horas

Inscripcións e información antes do 15 de xaneiro no teléfono 981 814 691.





AULA CEMIT

■ Co inicio do ano chega unha nova formación de dixitalización, pensada como continuación ao curso que ben de rematar no ano pasado!

Trátase dun curso aberto ao público en xeral e ás persoas de máis idade moi especialmente no que continuar avanzado no mundo do manexo útil das tecnoloxías.

INSCRICIÓNS ABERTAS ATA O 10 DE DECEMBRO NO TELÉFONO 981814691 OU NO ENDEREZO ELECTRÓNICO cultura@concellodevedra.gal

MANEXO DE MÓBIL E ORDENADOR

NIVEL INTERMEDIO

FERRAMENTAS BÁSICAS DE ORDENADOR APLICACIÓNS SEGURIDADE INFORMÁTICA CREACIÓN AUDIOVISUAL

HORARIO... LUNS DE 10 - 12 HORAS

Concello de Vedra CeMIT Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica

INSCRICIÓNS
ATA O 08.01.2025

INICIO 13.01.2025
CURSO 2024/2025

CURSO DE BOLILLOS

■ Volve a Vedra, de novo da man de Josefina Campaña, esta actividade con tanta tradición.

Inscríbete xa no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.gal

ENCAIXE DE BOLILLOS

IMPORTE: JOSEFINA CAMPAÑA LÓPEZ (ONDAS DO MAR)

OS MÉRcores DE 17 A 19 H.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN (SANTA CRUZ DE RIBADULLA)

PREZO: 50 €/mes - 2 h. á semana / **AÍNDA QUEDAN PRAZAS!**
Inicio o 8 de xaneiro

Máis información e inscricións:
981814691 - cultura@concellodevedra.gal

Concello de Vedra

Servizos Sociais



LUDETECA MUNICIPAL

■ Chega un novo ano e dende a Ludoteca comézano con moita ilusión!!

Ao longo do mes de xaneiro...

- Diferentes actividades, como localización temporal, xogos espazo-temporais, contacontos, elaboración de alimentos, decoración e moitas cousas máis.
- Día da Paz. Contacontos e Xogamos en valores, iremos traballando o concepto da paz e os valores a través de varios contos.
- Super chef: Como todos oss meses, faremos un taller de cociña para chuparse os dedos! Facemos a nosa rosca de Reis!!!

Horario da ludo: de luns a venres de 08:30 a 14:30 horas (agás festivos).



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



AXENDA DE ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Liga de Brisca

Ao longo dos meses de febreiro e marzo. Inscripción aberta ata o 30 de xaneiro. Inicio o 4 de febreiro.

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Luns 27 de xaneiro.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 15 de xaneiro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adjudicaránse por rigorosa orde de inscrición).

■ Bingo

Xoves 30 de xaneiro ás 20:00 h.

■ Escola de Saúde: atragantamentos e asfixia... como actuar?

Xoves 6 de febreiro ás 20:00 h.



Un dos grupos do obradoiro de memoria.



Celebración do Día da Música con AGADEA no Centro Social.

OLLO!!

**ABERTO O SERVIZO DE CAFETERÍA
NO CENTRO SOCIAL DE LUNS A
VENRES DE 17:00 A 21:00 H.**

Vedra Festeira



FESTAS EN SAN XIÁN DE SALES

2025

SAN XULIÁN DE SALES

Vedra

10
XANEIRO
venres

FESTA NA HONRA A SAN SEBASTIÁN
Ás 13.00 h. misa solemne.
Gran verbena a cargo de

duo **REFLEJOS**
orquestra **LA TRAVESÍA**

11
XANEIRO
sábado

FESTA NA HONRA Á VIRXE DAS DORES
Ás 13.00 h. misa solemne e sesión vermú a cargo de

trío **LUCES DE BOHEMIA**
orquestra **SOLARA DE VIGO**

12
XANEIRO
domingo

FESTA NA HONRA A SAN XULIÁN
Ás 13.00 h. misa solemne e sesión vermú a cargo de

DÚO PUNTO ZERO e
grupo PANDERETEIRAS SILANDEIRA

CAMPO CUBERTO CON CARPA CLIMATIZADA

Espectáculos GONZÁLEZ
VILA DE CRUCES · T. 629 38 28 14 · espectaculosgonzalez@hotmail.com

PUNTO LILA NA MIÑA XANELA

■ Compartimos unha pequena escolma das xanelas que luciron esta campaña municipal proposta arredor

da Conmemoración ao Día Internacional en Contra das Violencias Machistas.

As xanelas de Vedra son punto Lila



Concello
de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra a violencia de género

Medio Ambiente

PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA. UN COMPOSTEIRO EN CADA DOMICILIO DE VEDRA

■ O concello facilita esta práctica regalando a cada casa un composteiro. Só tes que solicitalo e asistir á seguinte reunión de entrega, na que ademais do composteiro se realizará unha breve e útil charla coas instrucións a realizar para unha maior eficiencia.

Cómo o solicito? Faino no teléfono 623 932 143 ou escribindo ao enderezo electrónico residuoskmrcero@concellodevedra.gal

O obxectivo da campaña é chegar aos 2000 composteiros e cada vez está máis preto!





Á REQUINTA DA LAXEIRA E Á ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ Polo seu concerto conxunto, que o pasado 14 de decembro conseguiu ateigar con 600 persoas o Auditorio ABANCA de Santiago de Compostela.

Unha cita musical que conseguiu emocionar ao público presente pola inesperada fusión de ambas agrupacións, achegando dous mundos, o da música tradicional galega e a música clásica dunha forma tan exitosa.



A EXPOCUTRÍN

■ Por continuar colleitando premios cada ano na Gala Porc Dor.

Esta vez a cita foi o pasado 29 de novembro en Zaragoza e acadaron unha prata en Taxa de Partos.



Á PANADERÍA RAVIÑA

■ Por conseguir o seu selo de Artesanía Alimentaria, unha distinción emitida pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal). Entrando así a finais do 2024 neste selecto listado das 100 empresas galegas que cumpren cos requisitos que establece a normativa vixente. Sendo **respectuosa co medio**, garantindo ás persoas consumidoras un **produto final individualizado**, segura desde o punto de vista hixiénico-sanitario, **de calidade e cos valores económicos, culturais e sociais** que quere representar esta distinción.



A ANTONIO VÁZQUEZ TURNES

■ Por acadar o premio Palco da Terra, na categoría Personalidade no Festival de Teatro Amador do Noroeste Peninsular.

Un galardón que dende 2017 outorga a compañía "Teatro de Balugas" e que recoñece e agradece o esforzo das persoas e institucións no ámbito do teatro amador no rural.



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS